

# A LEDICIA DE LER

“Cuadernos da Escola Dramática Galega”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 15 de abril de 1979



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

# Cuadernos da Escola Dramática Galega

---

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 15 DE ABRIL DE 1979

Con retraso involuntario imos falar hoxe aquí dos *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, unha interesante publicación que dirixe Francisco Pillado Mayor e coordina Manuel Lourenzo, dous dos homes que máis teñen traballado polo teatro galego. Os ditos *cuadernos* forman parte dunha experiencia máis ampla, a Escola Dramática Galega, da cal son unha derivación.

## A ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA

A Escola Dramática Galega naceu no mes de nadal de 1977. O seu antecedente inmediato sería a entidade do mesmo nome creada en 1922 dentro da Irmandade Galega da Coruña e que perduraría ata 1926, quedando a súa memoria como un fito na historia do noso teatro. Coa intención de continuar o espírito daquela experiencia, pero tratando de conseguir unha progresiva mellora das estruturas teatrais galegas, xorde esta cooperativa teatral coruñesa. É o seu propósito crear institucións e organismos que logren a normalización dos estudos e a práctica teatrais. Para iso, a Escola Dramática Galega organízase en tres departamentos autónomos relacionados entre si, cada un deles dedicado respectivamente ás actividades didácticas, dramáticas e de estudos.

No seu primeiro ano de existencia, o labor realizado pola Escola foi importante. O departamento de didácticas, que dirixe Rosario Barrio Val, organizou dous cursos infantís de expresión e dous cursos de preparación de actores. O departamento de dramáticas, que está encomendado a Manuel Lourenzo, elaborou dous interesantes espectáculos: *A benfadada historia do coitado Bamboliñas* de Xulio González Lourenzo, que chegou ás vinteseite representacións, e o concerto interpretativo *Muller de mulleres*, con textos de Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro. Actualmente, están en marcha os traballos para un novo espectáculo: *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro. E por último, o departamento de estudos, baixo a responsabilidade de Francisco Pillado Mayor, levou a cabo seminarios, conferencias, presentacións de libros, e sacou os catro números dos *cuadernos* que deron orixe a este comentario.

### OS CUADERNOS

O primeiro número dos *cuadernos*, que leva data de maio de 1978, está enteiramente consagrado a un intelixente e documentado estudo de Manuel Lourenzo sobre o teatro infantil galego: a súa breve historia, o libro de teatro, as experiencias escolares, os bonecos, etc. O número 2, tamén de maio de 1978, contén a tradución galega, debida a Pillado Mayor, de dúas farsas de Federico García Lorca: *A doncela, o muiñeiro e mais o estudante* e *O Paseo de Buster Keaton*. O número 3, de novembro do mesmo ano, leva unha peza para nenos da autoría de Xoán Babarro, titulada *Teatro de todo o ano*. O último número dos saídos ata agora, o 4, de febreiro do ano que corre, resulta especialmente grato polo tema ao que está dedicado: a Compañía Galega «Maruxa Villanueva».

Fora cal fora o valor real desta compañía e o labor por ela realizado, é xusto recoñecerlle tanto o entusiasmo polo feito teatral en si como o mérito de intentar crear un teatro galego digno para os emigrantes da etapa americana. Lembrar as figuras de Varela Buxán, Fernando Iglesias «Tacholas», e a propia Maruxa Villanueva é unha proba de gratitude e de sensibilidade.

Con esta amplitude de miras, co creto que merecen para calquera persoa que teña seguido a evolución do teatro galego os responsables da Escola Dramática Galega, co acerto do labor ata agora feito, estamos seguros que o seu traballo ha ter a acollida que merece.

\* \* \*